

# I. TENDENCIAS DA LITERATURA GALEGA ACTUAL (II): POESÍA E TEATRO

## 1. A poesía das últimas décadas

### 1.1. Evolución xeral da poesía galega a partir de 1975

O derradeiro terzo de século XX e os comezos do XXI trouxeron profundas transformacións no panorama poético galego. Dúas moi salientábeis foron a definitiva **eclosión da escrita feminina** (e feminista) e a **coincidencia de varias promocións** en plena tarefa criadora. A **pluralidade de estilos** e a heteroxeneidade de **propostas e tendencias**, dentro duns **parámetros de calidade moi satisfactorios**, marcaron tamén este período, que coñecerá, así e todo, **varias inflexións sucesivas**:

- **O asentamento da estética do socialrealismo**, a finais dos sesenta e comezos dos setenta, da man dos chamados *Novísimos*, como liña dominante no discurso poético galego.
- **A reacción, a partir de 1976, contra as formas do socialrealismo** precedente, representada por poemarios como *Seraogna* de Pexegueiro e *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín, así como polas propostas do grupo vigués Rompen-te (1975-1983).
- **A consolidación, da man da chamada Xeración dos 80, dunha nova estética predominante**, asentada sobre a admiración por determinados poetas (Cunqueiro e Manuel Antonio); o rexeitamento da poesía socialrealista; unha maior atención formal e estilística; un exquisito coidado da lingua; a apertura a novos motivos temáticos como o erotismo e, finalmente, certa inclinación ao hermetismo e ao culturalismo.
- **A reacción**, á súa vez, contra a preeminencia desa estética central dos 80, **protagonizada pola chamada Xeración dos 90** e asentada sobre un afán de desbarroquización formal e lingüística, un predominio do intimismo da experiencia e unha certa recuperación do enfoque social, todo isto acompañado de numerosas iniciativas para ampliar os espazos de produción e fruición da poesía.
- **A aparición, xa co novo milenio, dunha novísima promoción** de autores/as, con estéticas diversas pero idéntica alta calidade, se ben acontece un certo devalo a respecto da efervescencia do período inmediatamente anterior.



Alfonso Pexegueiro.

## 1.2. A hexemonía socialrealista e os *Novísimos*

A finais da década dos sesenta aparece en escena unha nova promoción poética formada por escritores nados entre 1940 e 1955, que viven nun instante especialmente intenso de loita antifranquista e participan na popularización do nacionalismo de esquerdas. A súa escrita, moi ideoloxizada, ten case sempre unha **actitude de denuncia e reivindicación** e aborda cuestións como a defensa da lingua, a opresión social e nacional, o desexo de liberdade etc. Son **herdeiros e continuadores da tradición socialrealista** que consagrara en 1962 o libro de Celso Emilio Ferreiro *Longa noite de pedra*. Manuel María impulsa esta promoción a través da colección Val de Lemos (Monforte, 1968-1975) e M.<sup>a</sup> Victoria Moreno edita en 1973 a antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, que dá discutido nome ao grupo.

Os/as principais poetas desta promoción son:

**Darío Xohán Cabana** (Roás-Cospeito, 1952-2021): Tamén novelista e tradutor, comeza a súa andaina en 1970 con *Verbas a un irmao e Home e Terra*, na liña socialrealista. De 1973 son *Romanceiro da Terra Chá* e *Noticias dunha aldea*, que continúan o maxisterio de Manuel María na visión paisaxística. En *Ábrelle a porta ao día* (1981) expresa sentimentos de amor en versos de construción paralelística. *A fraga amurallada* (1983) poetiza en sonetos o pasado histórico de Lugo e as propias vivencias, con sentidas elexías a distintos persoeiros. *Amor e Tempo liso (Cancioneiro)* (1989) está composto por sonetos amorosos en que ecoan a nosa lírica medieval e a poesía italiana renacentista (Petrarca, Dante), que Darío ten traducido maxistralmente para a nosa lingua. Na mesma liña insírese *Cantigas de amor vilao* (1987). Posteriormente viron lume *VIII Fragmentos* (1987), *Patria do mar* (1989) e *Canta de cerca a morte* (1994), en que prosegue o cultivo de formas clásicas para abordar temas como o amor, o erotismo, a patria, o mar, o orgullo das estirpes labregas e a morte de seres queridos. En 2003 entregou o recompilatorio *Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*. Tras esta publicación, aínda chegou a editar *Cabalgada na brétema* (2006).

**Xosé Lois García** (Lugo, 1945): Gran divulgador da nosa cultura en Cataluña, á que emigrou novo, principiou a súa traxectoria na colección Val do Lemos, co libro *Borralleira para sementar unha verba* (1974), en clave socialrealista. Na mesma tendencia sitúanse *Non teño outra cantiga* (1975) e *Do Faro ó Miño* (1978), mais abríndose tamén ao tema paisaxístico. A súa traxectoria continúa con *Aquarium* (1982) e *Materia corporal* (1986), que abordan a temática erótica desde o vitalismo e o apaixonamento. En 1988 fecha esta fase co volume recompilatorio *Tempo precario (1972-1987)*. Posteriormente deu



Xosé Lois García.

ao prelo novos libros que exploran os máis variados temas e rexistros: culturalismo, erotismo, poesía evocadora, paisaxismo, reflexión existencial, amor, poemas contra a guerra... Reuniu toda a súa obra en 2011 en dous volumes, titulados *Por ninguén aloumiñada. Poesía completa 1972-2005* e *No sangue dos bardos. Poesía completa 2005-2009*, respectivamente.

**Margarita Ledo Andiñón** (Castro de Rei, 1951): Activista antifranquista, nacionalista e feminista, directora do semanario *A Nosa Terra*, catedrática de Comunicación Audiovisual, narradora, académica e cineasta, cos filmes documentais *Santa Liberdade* (2004); *Liste, pronunciado Lister* (2007); *A cicatriz branca* (2012); *Manuel María. Eu son fala e terra desta terra* (2014) e *Nación* (2020), como poeta é autora dos libros *Parolar cun eu, cun intre, cun paxaro* (1970) e mais *O corvo érguese cedo* (1973), ambos publicados na colección Val de Lemos. A súa estética, dentro dun perfil comprometido, manifesta non obstante orixinalidade nas imaxes e certa tendencia á simbolización.

**Xesús Rábade Paredes** (Cospeito, 1949): Integrante no seu día do colectivo Cravo Fondo, é coautor con **Helena Villar Janeiro** de libros como *O sangue na paisaxe* (1980), *No aló de nós* (1981) e *Cabeleira de pedra* (1993). Entre os seus poemarios individuais destacan *Matria de sombra* (1987); *Poldros de música* (1993), de marcado erotismo; *Os dedos dos loureiros* (2000); *Lugar do canto* (2007) e *Os anos da memoria* (2006). Neste último, recrea con grande contención expresiva e elevado lirismo lugares, figuras, ambientes e vivencias que marcaron a súa traxectoria e o seu compromiso. Posteriormente deu ao prelo *Sobre ruínas* (2013) e *Memoria do corpo* (2018), libros de feitura clasicista e intenso lirismo, que continúan debullando motivos vinculados á memoria persoal e inclúen algunhas poesías de índole cívica.

**Xavier Rodríguez Barrio** (Lugo, 1954): Membro tamén do colectivo Cravo Fondo, os seus primeiros libros, *Pranto irmán* (1973), *Verbas violentas na dor de conciencia* (1975) e *Antífona da redención* (1978), insírense epigonalmente na corrente socialrealista. A partir de *Herdo e alucinación en Fisterra* (1981) emprende outros rumbos poéticos que o aproximan á Xeración dos 80, con libros premiados en diversos certames como *Os laberintos da xerfa* (1984); *Os aposentos silenciados* (1986) e *Celebración do gozo* (1989), que se centran nas temáticas do amor e do erotismo e deron lugar ao volume antolóxico *Torre para os días* (1992). Posteriormente, aínda dará ao prelo *Alba no muro* (1990), *Antiga claridade* (1992) e, tras un longo silencio, *Calado testamento* (2011) e *Fulguración e silencio* (2014).



Xesús Rábade Paredes.



Xavier Rodríguez Barrio.


**Xosé Vázquez Pintor** (Melide, 1946): Iniciou a súa traxectoria como poeta con *Gándaras* (1971), *Terra e pan* (1975) e *O espertar tamén é noso* (1977), volumes en que predomina o canto social e patriótico, reivindicativo da memoria labrega e familiar. Posteriormente publicou, abrindo o abano temático e explorando xeitos novos e máis requintados de dicir, *Ofidios de diario* (1984); *Na vertical da noite* (1989); *No corazón mancado* (1989); *Rotación violeta* (1996); e, finalmente, *Banzados* (2001). Reuniu todo o seu labor no volume *Seara: obra poética (1971-2011)*.

**Fiz Vergara Vilariño** (Lóuzara-Samos, 1953-1997): Membro do colectivo Cravo Fondo, escribiu os poemarios *Pra vós* (1971), *Encontro cos tiburós* (Val de Lemos, 1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muíñeiro á deriva* (1982), *Nos eidos da bremanza* (1990), *Pastora de sorrisos* (1993) e *Animal sen fel* (1998, póstumo). A opresión social e política, a vivencia da soidade e da espera amorosa incolmada, a reflexión existencial, a visión da paisaxe da Lóuzara e o cariño por unha cadeliña son algúns dos motivos que poboan a súa poesía, sempre ligada á sinceridade expresiva e á autenticidade e vertida unhas veces en moldes clásicos, como o soneto, e outras en versos libres.

**Helena Villar Janeiro** (Becerreá, 1940): Coautora de varias obras con **Rábade Paredes** e integrante de Cravo Fondo, publicou *Rosalía no espello* (1985), *Festa do corpo* (1994), *Álbum de fotos* (1999), *Nas hedras da clepsidra* (1999), *Pálpebra azul* (2003), o poemario infantil *Na praia dos lagartos* (2004), *Remontar o río* (2013) e *De rosa antiga* (2022). O intimismo, a constante visitación de temas existenciais (amor, tempo, morte...), a visión da paisaxe, a solidariedade e unha dicción propositadamente clara e depurada caracterizan a súa voz.

Caso á parte constitúeno un nutrido grupo de autores e autoras, moitos deles afíns por idade e por militancia antifranquista aos chamados *Novísimos*, que só comezaron a publicar serodiamante, por razóns de variada índole, nos tres derradeiros lustros do século XX, asimilándose en moitos sentidos así á chamada Xeración dos 80 e aínda, nalgún caso, á dos 90: **Xoán-Manuel Casado**, **Xosé M.<sup>a</sup> Costa**, **Lois Diéguez**, **Antonio Domínguez Rey**, **Xesús Franco**, **Xosé Carlos Gómez Alfaro**, **Mero Iglesias**, **Xosé M. López Gómez** (*Ardeiro*), **Xoán Neira**, **Xavier Paz**, **Manuel Pereira Valcárcel**, **Andrés Pociña**... Dentro desta nómina cabe poñer en destaque os nomes de:

**Marilar Alexandre** (Madrid, 1947): bióloga, profesora de didáctica das Ciencias, académica, tradutora e militante feminista, cultiva a literatura infanto-xuvenil e a novela, mais tamén ten unha relevante obra poética, escrita en chave de auto-coñecemento e formada por títulos como *Catálogo de velenos* (1999); *Desmentindo a primavera* (2003);



Fiz Vergara Vilariño.



Helena Villar Janeiro.

*Abecedario das árbores* (2006); *Mudanzas* (2007); *Desescribindo* (2016) e o recompilatorio *Mudanzas e outros velenos* (2017). Dirixido ao público xuvenil apareceu o seu poemario *Ovella desca-rreirada* (2014).

**Marica Campo** (Val do Mao, O Incio, 1948): Mestre de profesión xubilada en 2008, forneceu letras para varias cancións do grupo Fuxan os Ventos, cultivou abundantemente a literatura infanto-xuvenil, escribiu varios libros de narrativa e ten participado en numerosos colectivos en defensa do idioma e dos dereitos das mulleres. Como poeta publicou *Tras as portas do rostro* (1992); *Pedinche luz prestada* (2001); *Sextinario* (2007) e *nós outras* (2020), este último en colaboración con Menchu Lamas.

**Isidro Novo** (Lugo, 1951-2018): Aínda que destacou sobre todo como narrador, cunha ampla traxectoria formada por títulos exploratorios de diversos subxéneros (terror, western, erótico, sátira social, distopía futurista...), publicou en vida asemade tres libros de poesía: *Dende unha nada núa* (1997), *Esteiro de noites falecidas* (2007) e *CO<sub>2</sub>* (2017), nos que combina imaxes surrealistas, contidos existenciais, certa soidade malditista e rebelde e unha linguaxe que abala entre o bronco e o sublime. Postumamente, con boa parte de textos inéditos, editouse o recompilatorio *Poesía galega reunida (1991-2017)* (2021).

**Xosé Miranda** (Lugo, 1955): biólogo e profesor de instituto, participou en moitas recollidas de literatura popular galega con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba e cultivou asemade a literatura infanto-xuvenil e a narrativa, con títulos como *A biblioteca da iguana* e *Morning Star*. Como poeta publicou *Amantes e viaxeiros* (1996), *Sonetosfera* (1996), *Carozo azul* (1997) e *Permiso para o curso* (1997), libros que xuntou con outros inéditos no recompilatorio *As cidades mergulladas. Poesía reunida (1973-2002)* (2003). Posteriormente aínda deu ao prelo *Capitán dos teus ollos* (2005).



Isidro Novo.

Outros escritores que tamén se poden adscribir á promoción dos Novísimos son Luís Álvarez Pousa, Alfredo Conde, Úrsula Heinze, M.º Victoria Moreno, Ánxeles Penas, Millán Picouto, Daniel Pino, Xosé Luís Santos Cabanas, Farruco Sesto Novás e Manuel Vidal Villaverde.

### 1.3. O cambio de rumbo na poesía galega e a Xeración dos 80

As profundas mudanzas sociopolíticas, institucionais e culturais que acompañan a fin da ditadura de Franco, a Reforma política e a instauración da Autonomía galega tiveron influencia no panorama creativo. A partir de 1975 comezou a se producir un **cambio de rumbo** estético que se caracterizou, sobre todo, polo **abandono do socialrealismo**. O maxisterio de Ferrín co seu *Con pólvora e magnolias* (1976) foi decisivo para esta viraxe e no camiño renovador apareceron varios colectivos poéticos, como Rompente, Alén, Cravo Fondo e Loia.

Esa renovación poética consolídase ao longo da primeira metade dos 80 coa irrupción de novas voces que protagonizan un instante especial e moi valioso para a nosa literatura, que algúns teñen bautizado esaxeradamente como *Idade de Ouro*. A participación nos dous volumes colectivos *De amor e desamor* (1984 e 1985), a presenza de colaboracións súas en revistas como *Dorna* (1981) e *Luzes de Galiza* (1985), a conquista de sucesivos premios relevantes como o Esquíu e o Celso E. Ferreiro, a publicación en coleccións como Leliadoura (Sotelo Blanco) e a concorrència a sucesivas edicións, a partir de 1980, do Festival de Poesía do Condado son algúns dos elementos de cohesión grupal para esta **Xeración dos 80**. Os trazos fundamentais da súa poesía son:

- **Afán culturalista e decadentismo** estético, que provoca certo distanciamento entre o poeta e a sociedade, unha propositada **foxida da figura do poeta *portavoz*** e mesmo unha certa **reacción contra o autobiografismo e o ton confesional nos poemas**;
- Intento de **síntese entre modernidade e tradición**, desde a admiración polas obras de poetas como Cunqueiro e Manuel Antonio e en diálogo con poéticas doutras latitudes (Pessoa, T.S. Eliot, Kavafis...);
- Gusto pola **experimentación**, pola **reflexión metapoética** e pola **interdisciplinarietà** (encontro da poesía coa música, a fotografía, o cinema, a plástica, o vídeo-clip etc.);
- Integración de elementos da **contracultura urbana e marxinal**, especialmente significativo en poetas como Lois Pereiro, Xela Arias ou os membros do grupo Rompente;
- **Recreación mítica**, recuperación da **temática intimista** e intenso cultivo do **erotismo**.
- **Preocupación polos valores lingüísticos, rítmicos e formais do poema**. A poesía concíbese basicamente como unha **arte da linguaxe**.

Con todo, aconteceu que a finais dos 80 a poesía galega comezou a experimentar unha certa “manierización” e acabou por perder doses de pluralidade, o que fixo cada vez máis reducida a súa acollida polo público. A reiteración de determinados moldes estéticos acabou impedindo o abrollar de novas voces e marxinalizando outras. Pecharon ou hibernaron coleccións de poesía (Vento Branco, Dombate...), ao mesmo tempo que desde as editoras se mimaba a narrativa, nomeadamente “de xénero”. Moitos dos poetas dos 80 derivarán entón cara ao cultivo da novela, se ben cómpre salientar que un deles, Fernán-Vello, será quen poña en marcha a comezos dos 90 a editora Espiral Maior, verdadeira casa comunal da poesía galega durante os seguintes lustros.

### Grupos poéticos dos 80:

Alén foi fundado en 1977 por Miguel Mato Fondo, Francisco Salinas Portugal e Xosé Ramón Pena. De *Cravo fondo*, creado en 1978, fixeron parte Ramiro Fonte, os irmáns Valcárcel, Rodríguez Barrio, Fiz Vergara, Xesús Rábade e Helena Villar. Desde o rupturismo vangardista e contracultural actuaron tamén o *Grupo de Comunicación Poética Rompente* (Pexegueiro, Antón Reixa, Alberto Avendaño e Manuel Romón), que editou en Vigo os volumes colectivos *Silabario da turbina* (1978) e *A dama que fala* (1982), e mais o grupo *Loia*, formado en Madrid en 1977 polos escritores Lois Pereiro, Xosé Manuel Pereiro, Vicente Araguas e Manuel Rivas.



Entre os principais poetas da Xeración dos 80 cabe citar, por orde alfabética:

**Xosé María Álvarez Cáccamo** (Vigo, 1950): A súa fecunda obra poética caracterízase polo rigor formal, a dicción esmerada e complexa, a preferencia polo poema longo, a ollada introspectiva e certa tendencia á narratividade. Nela fala das propias vivencias, da memoria familiar e de problemáticas sociais e políticas (horror do franquismo, catástrofe do *Prestige*, guerra de Irak...). Recompilou en 2003 no volume *Ancoradoiro, Obra poética (1983-2003)* a quincena de obras escritas nos anos 80 e 90 (*Praia das furnas; Arquitecturas de cinza; Os documentos da sombra; Cimo das idades tristes; Calendario perpetuo; Os cadernos da ira* etc.). Editou logo *Vilar dos fillos* (2004), *Vento de sal* (2008), *Tempo do pai* (2008), *Cántico dos topónimos esdrúxulos* (2010), *A boca da galerna. Luz da materia contra o invento de Deus* (2012) e *Tempo de cristal e sombras* (2014). Ten realizado, ademais, varias exposicións de poesía visual e xunto con Marisa Núñez editou *O libro dos cen poemas* (2002), escolma da lírica infantil galega, subxénero ao que el propio contribuíu con *Lúa de pan* (2002).



Xosé María Álvarez Cáccamo.

**Xela Arias** (Sarria, 1962-Vigo, 2003): Desenvolveu unha traxectoria rebelde e intensa como escritora, caracterizada polo afán de experimentación e ruptura e o discurso antipatriarcal. Deuse a coñecer como poeta en *fanzines* alternativos e en recitais contra a entrada na OTAN. O seu primeiro libro foi *Denuncia do equilibrio* (1986), composto por poemas de ambiente suburbial e nocturno, ao que seguiu a edición en colaboración co fotógrafo Xulio Gil do crítico e atrevido *Tigres coma cabalos* (1990). Deu logo ao prelo *Darío a diario* (1996), que aborda desde parámetros atípicos o tema da maternidade, e *Intempériome* (2003), no que acada grandes logros expresivos mediante a experimentación coa linguaxe. A súa obra poética completa foi reunida postumamente por Edicións Xerais en 2018 e dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 2021.



Xela Arias.

**Miguel Anxo Fernán-Vello** (Cospeito, 1958): Dramaturgo, ensaísta e promotor da editorial Espiral Maior, é autor dunha obra poética dominada pola presenza do amor, do desexo, da soidade e da paisaxe. O rigor formal, o verso de longo alento, as delicadas imaxes, a propositada musicalidade e a coidada arquitectura de cada poema definen o seu estilo. Os seus primeiros títulos, *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Do desexo en corpo e sombra* (1984) e *Memorial de brancura* (1985), constrúen un ciclo que ten como eixo central o amor, o desexo e o corpo, mais no que tamén concorren a sombra e a ausencia. A temática paisaxística e telúrica preside o *Livro das paisaxes vivas* (1985) e *Entre águia e fogo. Cantos da terra posuída* (1987). Logo de *Poemas da lenta nudez* (1994), publica *As certezas do clima* (1996), que si-



Miguel Anxo Fernán-Vello.

nala o paso a un mundo máis reconcentrado, por veces elexiaco, que se volve denuncia civil e clamor solidario en *Territorio da desaparición* (2004) e que transita novamente polos camiños do erotismo e do desexo en *Capital do corpo* (2004). En 2007 publicou *Diccionario do estremecemento*, un libro marcado polo impacto das emocións. No mesmo ano apareceu *Astro interior. Escolma poética. 1984-2007*. En 2012 recibiu o Premio Cidade de Ourense por *Habitación do asombro* (2013) e en 2016 publicou *Duración da penumbra*.

**Ramiro Fonte** (Pontedeume, 1957-Barcelona, 2008): Membro do colectivo Cravo Fondo, desde os seus primeiros libros, *As cidades da nada* (1983) e *Designium* (1984), elaborou un discurso poético intimista, interrogativo, filosófico e reflexivo que se expresou cunha evidente habilidade técnica e manifestou unha constante interiorización de diferentes pousos e estratos culturais, moitas veces tinxida pola nostalxia. Foi autor, ademais, doutros nove poemarios entre 1986 e 2001, entre os que cabe sinalar *Pensar na tempestade*, *Pasa un segredo*, *Adeus norte*, *Mínima moralidade*, *Capitán Inverno* e *A rocha dos proscritos*. Postumamente apareceron *Xardín do pasatempo* (2008), poemario infantil en que recrea con ollada limpa lugares, días, obxectos e abraios, e mais *Reversos. Dias adiados* (2008), libro de corte clasicista e expresión depurada.

**Manuel Forcadela** (Tomiño, 1958): É autor de libros como *Ferida acústica de río* (1981), *O regreso das ninfas* (1985), *O varredor en outono* (1987), *Morte do fadista* (Premio Espiral Maior, 2000), *Refutación da musa* (2001) e *Lámpada e medusa* (2002). Barroquismo, sensualismo, decadentismo, culturalismo e metapoesía son ingredientes da súa proposta, sempre suxeita a un grande rigor formal. En *Música de cinza* (2008) son palpábeis a reflexión existencial, o pesimismo vital e a nostalxia, que tamén enchoupan os versos de *Nunca se sabe* (2014) e *Fábula das aves* (2019).

**Pilar Pallarés** (Culleredo, 1957): No seu primeiro libro, *Entre lusco e fusco* (1980), combínanse poemas intimistas, de tonalidade triste e temática amorosa, e poemas sociais na liña de Luís Seoane, Manuel María e Celso Emilio. A partir do segundo, *Sétima soidade* (1984), rompe co socialrealismo e co androcentrismo para expresar un intimismo presidido pola soidade e o illamento. No *Livro das devoracións* (1996), poetiza con grande beleza e acerto a súa loita por asumir o desamor, a soidade, a desesperanza, a dor e a morte como destino. En 2011 aparece *Leopardo son*, que encerra nun constante xogo transformista e de contrastes entre contrarios diversas reflexións existenciais e metaliterarias. Con *Tempo fósil* (2018), un poemario que se centra no motivo da perda da casa familiar e no desposuímento das paisaxes afectivas, obtivo en 2019 o Premio Nacional de Poesía do Ministerio de Cultura.



Ramiro Fonte.



Manuel Forcadela.



Pilar Pallarés.

**Lois Pereiro** (Monforte, 1958-A Coruña, 1996): En 1992 publicou *Poemas 1981/1991* e no 1995 *Poesía de amor e enfermidade (1992-1995)*, volume no que afrontou con lucidez extrema a confrontación final coa morte. É a súa unha poesía contracorrente dos discursos dominantes dos 80, inconformista e revoltada contra o Poder, chea de referencias expresionistas, irónicas e contraculturais. Postumamente apareceu o libro *Poemas para unha loia* (1997), con textos escritos en 1975 e publicados na revista *Loia*. En 2012 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.



Lois Pereiro.

**Alfonso Pexegueiro González** (Angoares-Ponteareas, 1948): Con *Seraogna* (1976) marcou un dos fitos da renovación da poesía galega. Fundador do grupo Rompente e da AELG en 1980, aborda temáticas urbanas e sociais, mais aprofundando na ruptura formal coa estética socialrealista. A súa poesía bebe na fonte das vangardas, utilizando a imaxe libre surrealista, a intertextualidade, o *collage* e a escrita automática. Os seus traballos posteriores insisten nestes presupostos. Libros como *Mar e naufraxio* (1978), *Circos de auga* (1979), *O pabellón das hortensias azuis* (1984), *A illa das mulleres loucas* (1984), *Desatinos dun maldito* (1991), *¿Serán os cisnes que volven?* (1995) e *Hipatia ou a idade das cousas* (1998) constrúen un discurso poético radical e anticonvencional, mais ao mesmo tempo intimista, no que flúe o inconsciente. No ano 2000 Pexegueiro escolmou boa parte da súa produción poética no volume *Blasfemias de silencio*.



Román Raña.

**Román Raña Lama** (Vigo, 1960): Toda a súa obra respira inicialmente grandes doses de culturalismo, hermetismo, formalismo e barroquismo, postos ao servizo dunha teimosa reflexión existencial, tinxida de nostalxia: *Retrato de sombra en outono* (1981); *Nas areias doutro mar* (1984); *Extramuros da noite* (1985); *Da muda primavera* (1988)... Así e todo, en 1997, despois dun prolongado silencio, publica *Ningún camiño*, en que abandona os moldes clásicos para abordar en versos libres os temas acostumados (amor, morte...). Con *Eloxio da desorde* fíxose co Premio González Garcés no 2002 e proseguíu a súa obra con novos títulos como *As metamorfoses do túnel* (2004), *Zen invernos* (2006) e *O incendio das palabras* (2009).



Antón Reixa.


**Antón Reixa** (Vigo, 1957): Cineasta, presentador de televisión, cantante do grupo Os Resentidos e animador do grupo Rompente, escribiu, entre outros, os poemarios *As ladillas do travesti* (1979), *Viva Galicia beibe* (1984) e *Historia do Rock and Roll* (1985), compostos de poemas-canción rupturistas e cargados de ironía, de pulsión enumerativa e caótica, con gusto pola experimentación e moi influídos pola linguaxe audiovisual. Despois dun prolongado silencio, apenas roto pola publicación de *Ringo Rango* (1992), reapareceu no panorama poético con *Látigo de algas* (2008), libro intimista moi distanciada tematicamente

(non tanto na forma) das entregas anteriores. Posteriormente aínda publicou *Leccións de cousas* (2011) e *Algo raro pasa raro* (2015).

**Manuel Rivas** (A Coruña, 1957): Narrador e xornalista, o seu primeiro poemario foi *Libro do Entroido* (1979), ao que seguiría *Anisia e outras sombras* (1981), feito con Xavier Seoane. En 1985 publica *Balada nas praias do Oeste* e no 1987 *Mohicania*, libros que explicitan unha reflexión moi persoal sobre o pasado, o presente e o porvir de Galiza. O libro *Ningún cisne* (Premio Leliadoura, 1989), que desde o propio título anuncia o seu afastamento da corrente culturalista, está elaborado nunha linguaxe directa, case coloquial e versolibrista. Nunha sucesión de anécdotas (épica do cotián), ofrece unha visión irónica e desmitificadora do mundo actual. Os volumes recompilatorios *O pobo da noite* (1996) e *Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)* (2003) fecharon esta fase da súa obra, que se mergulla por novos vieiros a partir da aparición, en 2009, do poemario *A desaparición da neve*, publicado intencionadamente en edición tetralingüe (galego, castelán, catalán e euskera). En 2015 publica *A boca da terra*, de contido reivindicativo ecoloxista e, en 2021, *O que fica fóra*, que ofrece en poemas breves unha ollada incisiva sobre os aspectos menos visíbeis do mundo en que vivimos.

**Xavier Rodríguez Baixeras** (Tarragona, 1945): Os primeiros libros, *Fentos no mar* (1981) e *Lembranza do areal* (1981), están presididos pola presenza do soneto como molde formal e pola memoria nostálgica e serena como fonte de inspiración. En 1987 editou o volume recopilatorio *Anos de viaxe (Poesía 1981-1987)*. Recibiu logo o premio González Garcés por *Visitantes* (1991), poemario de gran perfección formal, con evocacións paisaxísticas e memoria familiar. En *Nadador* (1995) continúa a súa pulcra elaboración formal para ofrecer unha persoal visión do mar e en *Beira norte* (1997) ábrelle paso ao narrativo e a certa expresividade surrealista. En 2001 aparece *Eclipse*, con poemas de verso moi longo e predominio temático da evocación nostálgica de lugares e persoas. Edita logo *Francesca* (2003), trinta e tres sonetos coa paixón amorosa como motivo central. Posteriormente apareceron, reiterando o rigor formal, a riqueza léxica, o influxo simbolista e a indagación constante na memoria, *O pan da tarde* (2006), *Deserto diamantino* (2010), *Calado testamento* (2012) e *Luz extinta* (2015).

**Claudio Rodríguez Fer** (Lugo, 1956): Concibe a súa obra lírica, formada por títulos como *Poemas de amor sen morte* (1979), *Tigres de ternura* (1983), *Historia da Lúa* (1984), *A boca violeta* (1987) e *Cebra* (1987), como vía orixinal e persoal de coñecemento e destaca pola súa poesía erótica e sensualista, que recolleu no volume *Vulva* (1990). Tamén é autor de *Cinepoemas* (1983), escrito en clave expresionista; *Lugo blues* (1987), *Extrema Europa* (1996) e *A unha muller descoñecida* (1997).



Claudio Rodríguez Fer.

**Ana Romaní** (Noia, 1962): Conducidora durante anos do programa Diario Cultural, na Radio Galega, creou o Laboratorio de Indagacións Poéticas xunto con Antón Lopo. É autora de *Palabra de mar* (1987), *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998). Ofrécenos nestes libros, nunha poesía esencializada e depurada, co mar case sempre presente, unha visión intimista da existencia e unha constante reivindicación do universo feminino. Publicou despois *Love me tender* (2005), un conxunto de vinte e catro poemas antipatriarcais, en que denuncia a violencia machista e, máis recentemente, *Estremas* (2010), onde os poemas son máis longos que en libros anteriores mais continúan ofrecendo unha ollada profunda, crítica, reflexiva e interrogativa sobre a vida, desde unha ética feminista.



Ana Romaní.

**Xavier Seoane** (A Coruña, 1954): Creou nos seus primeiros libros poéticos, como *A caluga do paxaro* (1979) e *Os bosques encendidos* (1981), unha simboloxía persoal, que ten como núcleo a presenza feminina. A muller amada xorde sempre como enerxía cósmica arredor da que se manifestan a vida e a beleza. *Presencias* (1985), *Iniciación e regreso* (1985) e *Regreso e advenimento* (1990) continúan esa liña. Unha ollada panteísta, telúrica e ecoloxista, expresada en termos gozosos, aparece logo en *O Canto da Terra* (1987), *Eu tamén oín as vozes do orvallo* (1994) e *Umbral de vida* (1996). En 1999 publica o volume recopilatorio *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)*. Obtivo logo o Premio Caixanova con *Dársenas do ocaso* (2002), libro en que cada poema encerra unha reflexión sobre a vida e deixa agromar unha fonda melancolía interior. En obras máis recentes (*Vagar de amor e sombra*, 2004; *Para unha luz ausente*, 2006) indaga sobre o amor e a morte, contrapóndoos. *Do ventre da cóbrega* (2008) é un poemario de expresión cristalina e temática ontolóxica, en que sobresaen as ideas do desencanto, a perda e a desolación. Esa mesma tonalidade reaparece en *Espiral de sombras* (2013), mais en *A póla branca* (2020), botando man do molde do *haiku* oriental, Seoane recupera a súa dicción serena e equilibrada, se ben non exenta de melancolía e plenamente consciente da finitude que se achega.



Xavier Seoane.

**Vítor Vaqueiro Foxo** (Vigo, 1948): Matemático e fotógrafo, inicia a súa obra poética con *Lideiras antre a paisaxe* (1979), que amosa pegadas da poesía social e certos ecos de Ferrín. Aparece nel tamén a presenza do mito (clásico ou moderno) e do símbolo como fermento poético, aspecto que acrecentará en libros posteriores como *Informe da gavilla* (1980), *Camiño de Antioquía* (1982) e *A fraga prateada* (1983). En *A cámara de névoa* (1989), concibido como unha viaxe polo historia recente, hai unha maior presenza do eu, aínda que sen renunciar ao ton épico. Recompilou a súa poesía en 2003 no volume *Traxectorias. Obra poética (1977-2002)*, mais aínda publicou poste-



Vítor Vaqueiro Foxo.

riormente dous novos títulos, *Palabras a Espártaco* (2015) e *1968* (2018), onde destacan o exercicio de memoria persoal e a denuncia política dun tempo histórico caracterizado pola inxustiza.

**Luísa Villalta** (A Coruña, 1957-2004): É autora dos poemarios *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995), *Solilóquio da serpe* (1998), *En concreto* (2004) e *Papagaio* (2006), este último con fotografías de Maribel Longueira. Cunha linguaxe moi coidada, conceptuosa e salferida de continuas referencias musicais, deitou neles diversas reflexións sobre a propia existencia, sobre a condición feminina e sobre algunhas das inxustizas da nosa sociedade. En 2020 Armando Requeixo rescatou o inédito *As palabras ingravidas* e en 2023 editou o recompilatorio *Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004)*.


#### 1.4. Epígonos da Xeración dos 80

Denominamos así unha serie de autores/as que, aínda que por idade poderían ser englobados na Xeración dos 80, por estética, pola rede de relacións humanas e literarias que manteñen, polas plataformas en que comezan a publicar a súa obra e por outros factores presentan asemade coincidencia, afinidade ou relación clara coa Xeración dos 90. Entre os máis importantes sinalamos:

**Anxo Angueira** (Manselle-Dodro, 1961): Membro fundador das Redes Escarlata (2001), activista da cultura marítima e desde xuño de 2012 presidente da Fundación Rosalía de Castro, é autor dos libros *Val de Ramirás* (1989); *O valo de Manselle* (1996), celebración emotiva e vitalista dun proxecto colectivo protagonizado polos veciños da súa aldea; *Libro da vertixe* (1997) e *Fóra do sagrado* (2007), longo poema que se desenvolve en espiral, con dicción arrebatada, para cantar a cidade de Vigo como escenario e protagonista de instantes fundamentais no devir histórico, literario e político do país. No seu último poemario publicado ata o momento, *Palmeiras, piueiros* (2022), rende homenaxe a un elemento natural e paisaxístico característico da súa aldea natal e á recuperación das embarcacións tradicionais.

**Xabier Cordal Fustes** (A Coruña, 1965): Integrante do colectivo poético-satírico Ronseltz e das Redes Escarlata. É autor de *Arianrod* (1993), *Fruto do teixo* (1994), *Afásia* (1997), *A vella peneira a noite* (2001), *Transmuta* (2012) e *Resistencia da auga* (2018), poemarios caracterizados pola presenza de numerosos elementos simbólicos e mitolóxicos atlánticos, o hermetismo, o fragmentarismo, o uso de imaxes surrealistas, os xogos intertextuais e un ton xeral nostálxico e introspectivo, que por veces dá paso á épica ou á carraxe.

Na Xeración ou Promoción dos 80 hai que englobar tamén os nomes de Xoaquín Agulla Pizcueta, Francisco Álvarez Koki, Vicente Araguas, Emilio Araúdo, Alberto Avendaño, Fermín Bouza Álvarez, Ramón Caride Ogando, Arturo Casas, Pilar Cibreiro, Francisco Fernández Naval, Luís González Tosar, Manuel Guede, Xulio López Valcárcel, Eusebio Lorenzo Baleirón, Miguel Mato Fondo, Gonzalo Navaza, Anxo Quintela, Henrique Rabuñal, Luís Rei Núñez, Francisco Salinas Portugal, Cesáreo Sánchez Iglesias, Miguel Sande, Xesús Manuel Valcárcel, Edelmiro Vázquez, Paulino Vázquez e Manuel Vilanova.



Anxo Angueira.



Xabier Cordal.

**Helena de Carlos** (Cenlle, 1964): Filóloga clásica, tradutora, profesora da USC e colaboradora de revistas como *Dorna* e *Festa da palabra silenciada*, é autora dos libros *Alta casa* (1996), *1999* (2001) e *Vigo* (2007), nos que cultiva preferentemente un intimismo do cotián, cheo de lirismo, escrito sen preciosismos, con contención, franqueza e naturalidade expresivas. En 2006 editou unha escolma da súa propia obra co título de *Aracne 3*.



Helena de Carlos.

**Antón Dobao** (Lugo, 1963): Director de cine, guionista e lingüista da TVG, é autor dos libros *Desde o teito da noite* (1987), fundamentalmente amoroso; *Caderno dos dereitos e das horas* (1994), en que proclama a súa intención de “berrar contra o mundo”, aínda que sexa para un auditorio “de ausentes”; *O tempo entre murallas* (1997), libro marcado polo peso da memoria, a soidade e a tristura, que dialoga con versos de Ferrín e Darío X. Cabana e que culmina con varios poemas de corte social e patriótico; *Materia* (2005), onde aborda “as incertezas de sempre” e os “circos clausurados da memoria”, para lanzar proclamas de resistencia; e, por último, *Onde o ollar comeza a doer* (2008), que testemuña un claro repregamento do eu poético cara á intimidade.



Antón Lopo.

**Antón Lopo** (Monforte de Lemos, 1961): Xornalista, actor, director da editora Chan da Pólvora e biógrafo de poetas como Novoneyra, Lorenzo Varela, Bouza Brey e Lois Pereiro, cultiva a poesía, o teatro, o ensaio e a narrativa. Formou parte das Redes Escarlata. Fundou con Ana Romaní o Laboratorio de Indagacións Poéticas, co que crearon diferentes espectáculos entre os que destaca *Lob\*s*. Ten unha concepción multidisciplinar da arte, que ofrece através de *performances*. Como poeta publicou *Sucios e desexados* (1987), *Manual de masoquistas* (1991), *Á sombra dos rapaces mexando* (1995), *O libro dos amados* (1996, 2ª ed. 2005), *OM* (1997), *Pronomes* (1998), *Fálame* (2004) e *Corpo* (2018). A súa poesía aborda a temática homoerótica e reflexiona sobre as distintas identidades de xénero desde a reivindicación dunha sexualidade non normativa. A súa é unha linguaxe do cotián, adrede anti-retórica.

**Xosé Manuel Millán Otero** (Beluso-Bueu, 1964-Vigo, 2020) exerceu como alcalde de Moaña polo BNG entre 2003-2011 e destacou como estudoso da literatura galega, con diversos manuais e libros de texto sobre a materia e edicións críticas de obras de Bernardino Graña, Cabanillas, Risco e *Johán Carballeira*. Obtivo diversos premios poéticos (O Facho, Esquíu, Lorenzo Baleirón) e publicou os volumes *Este é o tempo de sal* (1992), *As palabras no espello* (1995) e *As cinzas de Pasolini* (2018). A reflexión existencial, o erotismo, a obsesión polo tempo destrutor e a defensa da palabra como reduto da autenticidade son algúns dos motivos permanentes da súa poética, que bota



Xosé Manuel Millán Otero.

man de moitos símbolos. Con carácter póstumo Manuel Rei Romeu reuniu en 2022 a produción édita e inédita de Millán no volume *Obra Poética Completa*.

**Chus Pato** (Ourense, 1955): Activista das Redes Escarlata, coordinadora do volume *Xuro que nunca volverei pasar fame* (2003) e académica desde 2017, iniciou un primeiro grande ciclo das súas obras con tres poemarios rupturistas, que mesturan voces, rexistros e referencias multiculturais cun transfundo político feminista e revolucionario: *Urania* (1991), *Heloísa* (1994) e *Fascinio* (1995). Viñeron logo *A ponte das poldras* (1996, reeditado en 2006) e *Ninive* (1996). Con *m-Talá* (2000) iniciou un novo ciclo, unha pentalexía que completaron *Charenton* (2004), *Hordas de escritura* (2008), *Secesión* (2009) e *Carne de Leviatán* (2013). En 2019 engadiu un novo título á súa produción, *Un libre favor*. Practica en todas estas obras unha escrita rompedora dos moldes xenéricos, complexa, inconformista, anticonvencional e que marca as súas propias leis concibida como un espazo de emancipación, onde todo o lido, pensado, vivido ou dito flúe e se entretece. Chus Pato fai constante metaliteratura, recorre ao fragmentarismo e ás imaxes poliédricas e cultiva a experimentación, levando as palabras aos límites do dicir. A súa poesía esixe, polo seu alto grao de hermetismo e simbolización, a máxima colaboración do/a lector/a para desvelar ou completar os seus significados múltiples, que xiran arredor de tres eixos básicos: a palabra (ferramenta subversiva), a muller (deconstrución da linguaxe patriarcal) e a nación.

**Manuel Seixas** (Vilagarcía, 1961): Profesor de filosofía xa xubilado, animou os grupos de rock Korosi Dansas e Neuroband e cultivou o xénero narrativo. Como poeta entregou os volumes *Vestixios do verme* (1999), *Diario de ausencias* (2001) e *Trevo. Triloxía do outono* (2021). Neles combínanse unha estética por veces minimalista, por veces rupturista (moi influenciada neste caso polo rock e o *underground*) e mais un discurso existencial construído sobre antíteses (derrota/renacemento; risa/dor...) de tonalidades existenciais pesimistas, aínda que tamén por veces iradas ata o sarcasmo, arredor da vida, da morte, da incomunicación, da doenza etc.

**Eva Veiga Torre** (Ombre-Pontedeume, 1961): Cultiva unha poesía intimista de expresión límpida, delicada e, polo xeral, breve, que xira arredor da memoria, a identidade, a morte presentida, o tempo fugaz, o amor e o desexo. É autora de *Fuxidíos* (1993), *Paisaxes do baleiro* (1999), *A pedra insomne* (2002), *Desconcerto* (2006), *A luz e as súas cicatrices* (2005), *A frecha azul do teixo* (2011) –coa morte da nai como *leit motiv*–, *A distancia do tambor* (2014), *Soño e vértice* (2016) e *Silencio percutido* (2016). En 2020 compuxo en colaboración co poeta Baldo Ramos o volume *Quérote canto*.



Chus Pato.



Eva Veiga.

No mesmo grupo epigonal da Xeración ou Promoción dos 80 cabe incluír a Xosé Abeal, Xurxo Alonso, Pilar Beiro, Lino Braxe, Luísa Castro, Raúl Gómez Pato, Xosé Luís Mosquera Camba, Manuel Xosé Neira, Manuel Outeiriño, Xesús Pereiras, Xavier Queipo, Xerardo Quintiá, Medos Romero e Domingo Tabuyo.

## 1.5. A Xeración dos 90

Durante a década dos noventa combínanse varios fenómenos no panorama poético galego que modifican o cadro de relativo estancamento do xénero que comezara a verificarse a finais dos oitenta:

- **A continuidade creativa da maioría dos poetas da chamada Xeración dos 80 e a estrea editorial de cualificadas voces poéticas** que, aínda pertencendo por idade a camadas anteriores á dos 90, permaneceran até entón no anonimato, tiveran dificultades para publicar ou non acadaran o recoñecemento debido. Durante a derradeira década do s. XX, uns e outros editan novos libros reveladores da madurez e alto nivel de calidade atinxidos pola poesía galega no seu conxunto.
- **A eclosión dunha multitude de escritores novos**, os chamados **Poetas dos 90**, que sen formaren propiamente “escola”, durante esa década amosan unha actitude activa e dinamizadora do panorama poético **desde a pluralidade estética máis absoluta**. Estes autores publican libros individuais e colectivos, gañan premios, comparten recitais e presentacións, desenvolven numerosas iniciativas de difusión poética, publican en revistas como *Ólisbos* e *Feros Corvos*, alentan plataformas editoriais e mesmo chegan a polemizar cos escritores das xeracións anteriores.
- **A proliferación de novos grupos poéticos** como Ronseltz (que xoga un papel pioneiro no cuestionamento da hexemonía da estética central dos 80 co seu paródico *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, 1994), Batallón Literario Costa da Morte, Dolmen, Redes Escarlata etc., **que promoven unha reaproximación da poesía ao público** a través de recitais en festas ao aire libre, pubs, concertos, locais xuvenís etc.
- O xurdimento de novas **canles editoriais** (Espiral Maior) e **coleccións poéticas** (Ablativo Absoluto, Lorenzo Baleirón, Di-versos, Tambo e Baía Branca). Algunhas constituíronse á marxe dos modelos habituais, isto é, sen afán de lucro, con pulo cooperativista e viradas á publicación preferente de novos autores/as: Edicións do Dragón (1989-1996), Letras de Cal (1996-2001)...;
- **A relativa proliferación de certames poéticos**: Espiral Maior, Bouza Brei, González Garcés, Martín Códax, Johán Carballeira, Fiz Vergara, Lorenzo Baleirón etc.
- **O contributo destacado**, en calidade e cantidade, **das escritoras**.

A composición textual e o contido temático dos libros dos/as poetas dos 90 non permiten falar dunha viraxe radical a respecto da produ-

Rexistramos na década dos 90 no campo da poesía, coa revista *Festa da palabra silenciada* como punto de encontro, unha presenza feminina moi acusada, plurixeracional e cualitativamente decisiva. As autoras trasladan aos seus poemas un imaxinario do feminino en que se reivindicán figuras habitualmente marxinalizadas na sociedade (bruxas, prostitutas, lesbianas...); unha sensibilidade e visión do mundo novas (solidariedade, afán de liberdade, erotismo...); unha linguaxe sexualizada e unha propositada deconstrución e relectura dos mitos e metáforas tradicionais da cultura androcéntrica. En 1998 apareceu en Lisboa o volume *Mulher a fazer vento*, con poemas de Ana Romani, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo e Yolanda Castaño.



ción da década anterior, mais si que poden salientarse algúns trazos ou matices específicos:

- Un **anovado tratamento de temas** eternos (amor, vida, morte, patria...) desde o eu lírico e cunha actitude básica que pode definirse como “**intimismo da experiencia**”.
- Un **uso esmerado da linguaxe, frecuentemente máis directa e coloquial**, máis núa, pero **sen caer no descoído** formal.
- Un **predominio do ton vivencial** (a cotidianeidade e as experiencias persoais son a miúdo fontes de inspiración).
- Unha **marcada preferencia polo versolibrismo** e presenza nalgúns autores dun claro **afán experimental**, de ruptura dos límites do xénero poético e da propia linguaxe.
- Un **afán de desbarroquización formal e conceptual**, reducindo a carga culturalista.
- Unha **procura implícita**, a través do sinceramento do eu poético, **dun lector apaixonado**, emocionábel, máis sensíbel que intelectualizado.
- Unha **recuperación da poesía comprometida**, coa abordaxe de **temas sociais e patrióticos desde sensibilidades alternativas** (antimilitarismo, feminismo, ecoloxismo, anticapitalismo...), aínda que cunha concepción afastada do socialrealismo clásico.
- Unha **relectura da tradición mítica e literaria en chave feminista** por parte de moitas poetas (Yolanda Castaño, Lupe Gómez, Enma Couceiro, Marta Dacosta, Olga Novo...).

A **pluralidade e a riqueza de matices é a tónica dominante** na promoción dos 90, sen que poida sinalarse ningunha tendencia hexemónica. Do punto de vista formal, presentan certa preferencia polo versolibrismo, a carón de propostas clasicistas (Miro Villar ou *Alexandre Nerium*) e de poesía obxectual e visual (Lois G. Magariños, Calros Solla). Ao lado de poetas que cultivan a expresión contida e minimalista encontramos outros de longo alento, case narrativos, e aínda outros máis que xogan a rachar a lóxica discursiva. A carón da poesía de expresión directa, constatamos poéticas que recorren ao símbolo (os “tigres” de Estevo Creus, as “laranxas” de Carlos Negro, as “humidosas” de Emma Couceiro...). Xunto con actitudes desmitificadoras (no social, no sexual, no ideolóxico ou no propiamente literario), combativas e mesmo provocativas, achamos temáticas e enfoques máis tradicionais (amor, desamor, soidade, morte, *tempus fugit*, infancia perdida, inxustizas...), sen excluíren o recurso ao culturalismo. Ao lado de poetas que tornan ao canto patriótico e á crítica social explícita, outros persisten en liñas totalmente afastadas do *compromiso*.

A finais de 1996 un texto de Rafa Vilar lido como parte dun relato dun encontro de escritores (“Matar o pai. Esnaquízalo e enterralo con cal vivo, para que as únicas lembranzas que nos deixa sexan os versos que nos unxiron”) desencadeou a irada resposta do daquela presidente da AELG, Uxío Novoneyra, e de varios dos poetas dos 80, iniciándose así a polémica xeracional que se coñecerá por iso mesmo co nome de “Matar o pai” e que dará pé, entre outras cousas, ao nacemento da colección “Letras de Cal”, impulsada por varios poetas dos 90.



Rafa Vilar.

Entre os principais autores e autoras da Xeración dos 90 salientamos, por orde alfabética:

**Fran Alonso** (Vigo, 1963): A súa poesía dialoga a miúdo coa estética do grupo Rompente e coa poesía innovadora de Ferrín, ábrese ás problemáticas sociais desde perspectivas afastadas do socialrealismo e explora as faces ocultas dalgún dos temas tópicos da poesía (o amor, o desexo), guiada sempre por un afán inconformista e subversivo en todos os planos. *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992) e *Tortillas para os obreiros* (1996) poden considerarse entre os poemarios máis representativos entre as poéticas dos 90. Após o recompilatorio *Subversións* (2001), compuxo en 2015 *Poétic@*, unha obra de ciberpoesía na que atopamos metaliteratura, hipertextualidade e conxunción de linguaxes (grafismo, imaxes, vídeo...).



Fran Alonso.

**Yolanda Castaño** (Santiago, 1977): É unha das voces máis destacadas da súa xeración. Deuse a coñecer con *Elevar as pálpebras* (1995), de contundente e luminosa expresividade adolescente. Veu despois *Delicia* (1998), un canto sensualista ao pracer, que continúa e se intensifica aínda en *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998). Os tres libros citados reúnen en 2009 no volume *Erofanía*. Con *O libro da egoísta* (2003), Yolanda abre unha nova fase na súa poesía, que xoga agora coas identidades, co desdoblamento e coa idea da beleza como máscara. A esta mesma perspectiva pertence *Profundidade de campo* (2007). Tras editar en 2012 o poemario infantil *Verdades*, deu ao prelo novos títulos como *A segunda lingua* (2014) e *Materia* (2022).



Yolanda Castaño.

**María do Cebreiro** (Compostela, 1976): Filla dos poetas Xesús Rábade e Helena Villar e irmá do músico Abe Rábade, é autora de *O estadio do espello* (1998); *Nós, as inadaptadas* (2002); *Non queres que o poema te coñeza* (2004); *O barrio das chinesas* (2005); *Os hemisferios* (2006); *Cuarto de outono* (2008); *Non son de aquí* (2008); *Os inocentes* (2014); *O deserto* (2015) e *Soños. Archivos. Cartas* (2018). O constante xogo metaliterario, intertextual e lingüístico, por veces lúdico, por veces irónico; as numerosas referencias culturais, literarias, xeográficas e artísticas que zarrapican os poemas; o emprego de imaxes surrealistas; a construción ás veces breve e sentenciosa dos textos; a ollada feminista e desmitificadora e o afán global de transgresión e desmontaxe de tópicos e preconceitos son algúns dos trazos desta potente voz do panorama poético actual.



María do Cebreiro.

**Marta Dacosta** (Vigo, 1966): Integrante de Letras de Cal e directiva da AELG, é autora dos poemarios *Crear o mar en Compostela* (1993), *Pel de ameixa* (1995), *Setembro* (1998), *En atalaia alerta* (2000), *As amantes de Hamlet* (2003), *Cinza* (2009), *Acuática alma* (2011), *Argola* (2013), *Dun lago escuro* (2014), *Vestir a avoa* (2017)

e *Notas sobre a extinción* (2021). Cultiva unha poesía esencialmente intimista, de expresión limpa e directa, ton confesional e vontade catártica, en que se amosa doída polo estrago das ilusións, as derrotas diarias e polas inxustizas pasadas e presentes. Nela establece, ademais, un diálogo constante con determinadas figuras literarias ou míticas femininas.

**Estíbaliz Espinosa** (A Coruña, 1974): Deuse a coñecer con *Mecánica zeleste* (1999), ao que seguiron *Pan (libro de ler e desler)* (2000), *-orama* (2002), *número e* (2004), *Zoommm. Textos biónicos* (2009), *Curiosidade* (2017) e, por último, *...as neuronas irmás...* (2018), que colleitaron premios como o Esquíu e o Espiral Maior. A presenza da ciencia, da tecnoloxía e das matemáticas é unha constante na obra desta poeta, sempre á procura da indagación filosófica sobre o propio ser e sobre algunhas experiencias vitais decisivas (amor, morte, maternidade...).

**Lupe Gómez** (Fisteus-Curtis, 1972): Deuse a coñecer co volume *Pornografía* (1995), probablemente un dos máis relevantes da Poesía dos 90, ao que seguiron *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999), *Poesía fea* (2000), *Levantar as tetas* (2004), *O útero dos cabalos* (2005), *Azul e estranxeira* (2005) e *A grafía dos mapas* (2010). É a súa unha poesía orixinal, vitalista e transgresora xa desde os propios títulos, que tende á brevidade, mergúllase nas vivencias persoais e desprega un particular mundo de referencias simbólicas que tecen un persoal cosmos poético (as vacas, as putas, os vasos rotos...). Após un prolongado silencio, reapareceu co libro *Camuflaxe* (2017), en que rende elexíaca homenaxe ás mulleres da súa estirpe familiar e á aldea da súa infancia. Ten colleitado premios como o Fiz Vergara Vilariño en 2022 con *Montaña Ioga* e o Lueiro Rei do 2023 con *Salón de té*.

**Carlos Negro** (Lalín, 1970): Comezou a súa traxectoria cos poemarios *As laranxas de Ali Babá* (1998), *Far-West* (2001) e *Héleris* (2003), escritos cun estilo propositadamente próximo ao lector, depurado e intenso, con constantes referencias intertextuais e literarias. A súa lírica aproxímase unhas veces ao conto marabilloso, outras á parodia da épica pondaliana e outras á análise sociolóxica. Acadou logo o Premio Taibo con *Cultivos transxénicos* (2008), que retrata con ironía o fenómeno de abandono do mundo rural. En *Makinaria* (2009), *Penúltimas tendencias* (2014), *Masculino singular* (2016) e *Aplicación instantánea* (2018) realiza unha reflexión crítica sobre os comportamentos estereotipados, os valores superfluos e os modelos tóxicos que a sociedade impón, sobre todo entre a mocidade. A maiores en 2017 aparecerá *Tundra*. En 2021, con ilustracións de Benxamín Otero, publica *Estrita necesidade*, no que volve a reflexionar sobre os modelos de masculinidade, as relacións



Marta Dacosta.



Estíbaliz Espinosa.



Carlos Negro.

interxeracionais e os contrastes entre o mundo rural e o urbano. Cultivou, ademais, os “coronahaikus” no volume *Tres poetas en estado de alarma* (2020), canda Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo e Vitor Vaqueiro.

**Olga Novo** (Vilarmao, Pobra do Brollón, 1975): Licenciada en Filoloxía e lectora de galego durante unha época nas universidades bretoas de Roazhon e An Oriant, comezou a súa traxectoria cos libros *A teta sobre o sol* (1996; 2ª edición en Letras de Cal, 1999); *Nós nus* (1997) e *A cousa vermella* (2004). É a súa unha poética complexa e intensa, con afán transgresor e celebrativo, ideoloxicamente feminista, centrada a miúdo na experiencia erótica como gozo, no corpo como lugar de autoafirmación e na visión telúrica, vitalista e mesmo ás veces unha miga primitivista da natureza. En 2006 publica en Madrid, en edición bilingüe, *Monocromos*, poemas artellados como relatos e ilustrados por *collages* do italiano Pozzatti, que se centran na evocación da infancia e da aldea natal, na vivencia erótica e na reflexión sobre o propio proceso creativo, temas que reaparecen tratados con brillante madurez en *Cráter* (2011). En *Feliz Idade* (2020, Premio Nacional de Poesía do Ministerio de Cultura), por medio da evocación do pai morto e da filla acabada de nacer, hai un exercicio conmovedor de memoria afectiva, reflexión identitaria, cosmogonía familiar e sentimento comunal.



Olga Novo.

**Enma Pedreira Lombardía** (A Coruña, 1978): Promotora do colectivo “Humilladoiro”, colleitou diversos premios con libros como *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999), *Grimorio* (2000), *Velenarias* (2001), *Corpo* (2001), *As posturas do día* (2001), *Os cadernos de amor e os velenos* (2002), *Casa de orfas* (2005), *Antítese da ruína* (2011), *Libro das mentiras* (2012), *S/T* (2015) e *Antídoto* (2018). *As voces ágrafas* (2019) e *Para saír deste lugar* (2022) son algúns dos seus últimos títulos. Na súa poesía está presente a reflexión metaliteraria e sobre a identidade, o corpo e o universo femininos, tocando motivos como a revisión dos mitos clásicos, as personaxes emblemáticas da literatura universal (Ofelia, Sherezade, Penélope, Xenebra...), a figura das meigas, a vivencia erótica, a opresión machista etc.



Emma Pedreira

**Francisco Souto** (A Coruña, 1962-Razo, 2017): Promotor dos cartapacios manuscritos das Edicións do Dragón, da colección Letras de Cal e da editora Caldeirón, de Malpica, publicou *As árbores do incesto* (1995), *Fado* (1998), *Crebar cristais coa lingua* (2003), *As horas de María* (2007), *E alentar na túa rosa* (2010) e, por último, *e Caín* (2016). Postumamente apareceu *Lugar de incendios* (2019), arredor do que preparara unha montaxe poético-musical en 2009 con Serxio Moreira. É a súa unha poética de dicción intensa e depurada, forte-

mente lírica, con tendencia á brevidade, que xira arredor de temas universais e vivenciais (amor, morte, pasaxe do tempo...) e que non dubida en rastrexar na historia comunal, galega en xeral ou feminina en particular, raíces, ilusións, fracasos e desacougos.

**Rafa Vilar** (Cee, 1968): Participou no Batallón Literario Costa da Morte e na editora Letras de Cal e pertenceu á directiva da AELG. A súa traxectoria, balizada de premios, está caracterizada por unha poesía neo-existencialista, de expresión moi intensa e concentrada. É autor de poemarios como *Liques da memoria* (1993), *O devalo do mar* (1994), *A sotavento dunha singradura* (1995), *casa ou sombra* (1997) –probabelmente o seu libro máis rotundo e representativo– e *Días de Sherazade* (2000). En 2005 editou a auto-antoloxía *No ventre da balea (1994-2004)*, para retomar inmediatamente a edición de novas obras, como *Escoriación dos días* (2007); *Memoria de Ahab* (2007); *Acuarelas* (2008) e *Migracións* (2008).

**Miro Villar** (Cee, 1965): Escribiu os poemarios *Ausencias pretéritas* (1992), *42 décimas de febre* (1994), *Abecedario da desolación* (1997), *Equinoccio de primavera* (1998) e *Gameleiros* (2002), este último con fotografías de Manuel Álvarez. Tras un silencio dunha década, regresou a primeiro plano coa edición dos libros *As crebas* (2011) e *Breizh* (2012). A súa proposta estética caracterízase, do punto de vista formal, polo emprego de estrofas e metros clásicos (sonetos, décimas...), polo uso da rima e polo extremo coidado léxico, mentres que tematicamente céntrase no tema do amor e desamor, no *tempus fugit*, nas experiencias viaxeiras e na propia actividade creadora (metapoética), sen renunciar algunha vez ao lategazo denunciador.

## 1.6. Novísimas voces: a poesía galega no comezo do terceiro milenio

A eclosión dos 90 obrigou a emprender sucesivos intentos de ordenar e compendiar a enorme pluralidade de voces poéticas xurdidas nese período. De aí xurdiron volumes antolóxicos, preparados por distintos compiladores: *Para saír do século* (1997), de Teresa Seara e Luciano Rodríguez; *D'Efector 2000. Antoloxía dos poetas dos 90* (1999), preparada por Letras de Cal; *A tribo das baleas. Poetas de arestora* (2001), de Helena González; *25 anos de poesía galega* (2002), de Luciano Rodríguez; *Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000)* (2003), de Arturo Casas; *Das sonoras cordas. 15 poetas dende Galicia* (2005), de Olivia Rodríguez; etc. Tamén é salientábel a “Muestra de la joven poesía gallega” ofrecida en 1997 pola revista mexicana *La flama en el espejo*.



Paco Souto.



Miro Villar.

### Outros poetas da Xeración dos 90

son Manuel Cortés, Enma Couceiro, Estevo Creus, Cándido Duro Domínguez, Pilar García Rego, Lois Gil Magariños, Eduardo Estévez, Celso Fernández Sanmartín, Modesto Fraga, Mónica Góñez, Serxio Iglesias, Emilio Xosé Ínsua, Rafael Lema, Igor Lugrís, Alexandre Nerium, Kiko Neves, Antía Otero, Eli Ríos, Elvira Riveiro Tobío, Fernando Rodríguez Gómez, Anxos Romeo, Xavier Santiago, Sechu Sende, Calros Solla, Dorés Tembrás e Martín Veiga.

Por mor de diversos factores, porén, a efervescencia poética vivida foi entrando en devalo co cambio de milenio. Así o testemuñan a desaparición da editora Letras de Cal (2002), o feche da colección Ablativo Absoluto (Xerais), a frustrada nova xeira de Leliadoura (Sotelo Blanco) ou as dificultades de supervivencia da emblemática Espiral Maior. Así e todo, aínda asistimos nos primeiros compases do século XXI á aparición de interesantes voces, en certo modo epigonais dos 90:

**Olalla Cociña Lozano** (Viveiro, 1979): Publicou os poemarios *As cervicais da memoria* (2004), en que ergue un mapa sentimental e vivencial por medio de versos de contida expresividade, por veces sonambulares, por veces *naïf*, que condensan unha experiencia, un instante ou un segredo latexo; *aquí (intemperies)* (2006), que insiste nunha liña estética e temática semellante; *Libro de Alicia* (2008), dedicado á memoria da súa bisavoa e coa construción problemática da identidade feminina e persoal como pano de fondo; *Ningún precipicio* (2013) e *Vestir a noite* (2017).



Olalla Cociña Lozano.

**Rosalía Fernández Rial** (Carballo, 1988): Especialista en didáctica das linguas e expresión teatral, con ensaios como *Aulas sen paredes* (2016), atesoura xa un importante número de poemarios, con notas constantes como o diálogo coas outras artes, o erotismo desinhibido, a visitación do marxinal e do *underground* con nova ollada rebelde e a perspectiva feminista: *En clave de sol. Poemario musical* (2009); *Átonos. Poemario sensorial* (2011); *Vinte en escena* (2012); *Ningún amante sabe conducir* (2014) e *Contra-acción* (2016). Recompilou toda esta produción no volume bilingüe *Sacar a bailar. Poesía reunida (2009-2016)* (2016), para abrir a seguir un novo ciclo cos poemarios *Árbores no deserto* (2020), que dá voz emancipadora a mulleres de todas as latitudes e épocas e *Desnortada* (2021), este último en formato libro-cd con música de María Álvarez.



Rosalía Fernández Rial.

**María Lado** (Brens, Cee, 1979): Integrada no Batallón Literario Costa da Morte, o seu libro *A primeira visión* (1997), *naïf* e memorialístico, serviu para inaugurar a colección de poesía promovida por Letras de Cal. En 2001 publicou *Casa atlántica, casa cabaret*, ao que seguiron *Berlín* (2005), *Nove* (2008), *Amantes* (2011); *oso, mamá, si?* (2015) e *Gramo Stendhal* (2020). Desde 2005 forma dúo (“Aldaolado”) coa tamén poeta Lucía Aldao (*Todo isto antes era noite*, 2018).

**Daniel Salgado** (Monterroso, 1981): É autor dos poemarios *Sucedede* (2004), *Días no imperio* (2004), *Éxodo* (2006), *Os poemas de cómo se rompe todo* (2007), *Ascensión* (2010), *Ruído de fondo* (2012), *Dos tempos sombrizos* (2013), *Ensaíos* (2015) e *Os paxaros e outros poemas* (2021). É a súa unha poesía contestataria, enérxica, que denuncia



María Lado.

as mil formas de opresión e alienación das sociedades modernas e globalizadas, reivindica as vellas loitas (derrotas incluídas) e ergue novas bandeiras empregando unhas veces a linguaxe coloquial e outras a técnica fragmentarista. Está, ademais, chea de referencias e de xogos intertextuais que serven para poñer ao descuberto as falacias do “discurso único” hexemónico.

**Xosé M.<sup>a</sup> Vila Ribadomar** (Cambados, 1970): Comezou a súa andaina cunha poesía de carácter hermético, de imaxes desbordantes e símbolos que se alimentan de vivencias e lembranzas, con títulos como *A fraga do pericardio* (2001), *Peixes medievais* (2004) e *Fotogramática* (2011). Afrontou logo unha paulatina depuración e condensación expresiva, co amor e o erotismo como liñas de forza, que se plasmou nos libros *O corpo en extinción* (2018) e *Mar de la* (2019).



Daniel Salgado.

Entrados xa na segunda década do s. XXI, foron aparecendo e consolidándose as voces dunha nova promoción, obxecto de constantes recoñecementos en forma de premios. Coas debidas reservas, dada a inmediatez do fenómeno, podemos sinalar como notas definitorias no panorama que deseña esa novísima “quinta” as seguintes:

- **O peso e relevancia da escrita feminina (e feminista)**, en sintonía co período precedente;
- A decidida aposta, tamén en consonancia coa liña aberta polos poetas dos 90, por unha **obra comprometida**, virada cara aos conflitos e loitas das complexas sociedades actuais (violencia de xénero, altermundialización, ecoloxismo...), mais en todo caso expresada con fórmulas que moi pouco teñen a ver co socialrealismo dos anos 60/70;
- **A forte presenza de enfoques e propostas de experimentación e de ruptura formal e temática** (fragmentarismo, deconstrución, intertextualidade, hermetismo, uso de simboloxías persoais, diálogo e mestura coas outras artes...);
- **O intenso cultivo** da chamada “**poesía da experiencia**”, que aposta polas formas e moldes tradicionais, aborda asuntos da épica cotiá, rexeita a tentación culturalista e adopta un ton expresivo directo, mesmo confesional.
- **A procura de novas canles de edición e difusión alternativas** para a poesía, dinámica que ten como máis senlleiras manifestacións o incremento da chamada “**ciberliteratura**” (poesía en Rede, blogs, revistas virtuais...), a iniciativa dos “**Picaversos**” en Compostela (da man de Olalla Cociña e Branca Novoneyra), as *performances* músico-poéticas ou poético-teatrais e a posta en marcha de selos editoriais como Estaleiro Editora, Apiario e Chan da Pólvora.

Xosé M.<sup>a</sup> Vila Ribadomar.

A editora Apiario, promovida por Antía Otero e Dores Tembrás, deu conta en 2016 desa nova promoción de poetas en galego, publicando a antoloxía *No seu despregar* e outro tanto pretendeu M.<sup>a</sup> Xesús Nogueira dando ao prelo da editora Chan da Pólvora, en 2017, o volume *13. Antoloxía bilingüe da Poesía Galega Próxima*. Serían tres, basicamente, as tendencias ou correntes detectábeis nesta nova promoción:

- A da “poesía da experiencia”, antirretórica e depurada, que segue o ronsel de autoras precedentes como María do Cebreiro e Helena de Carlos e que estaría representada por poetas como a compostelá **Berta Dávila** (*Corpo baleiro; Raíz na fenda*); a ourensá **Alba Cid** (*Atlas*, premio de Poesía Joven Miguel Hernández do Ministerio de Cultura en 2020); a marinense **Lara Dopazo** (*dende illa peixe*); **Alicia Fernández**, de Escairón (*Botar o mar polos ollos*) ou **Ismael Ramos**, natural de Mazaricos (*Os fillos da fame; Lumes; Lixeiro*, premio de Poesía Joven Miguel Hernández do Ministerio de Cultura en 2022).
- A da poesía formalmente rupturista e de deconstrución da linguaxe, que segue as liñas abertas no inmediato pasado por Lois Pereiro, Xela Arias ou Chus Pato e que estaría representada por poetas como **Xabier Xil Xardón** (*Cando menos a derrota*); a marinense **Andrea Nunes Brións** (*Corrente do esquecemento; Todas as mulleres que fun*); a viguesa **Oriana Méndez** (*Derradeiras conversas co capitán Kraft, Cero, O que precede á caída é branco, Interna e O corazón pronúnciase extenso*); o carrilexo **Antón Blanco Casás** (*A oseira; Tres estudos para un poema da cidade e Voz do arqueiro*); o prematuramente desaparecido **Francisco Cortegoso** (1985-2016), autor pontevedrés que chegou a editar *Memorial e danza*, ou o rianxeiro **Gonzalo Hermo** (*Crac; Celebración*, premio de Poesía Joven Miguel Hernández do Ministerio de Cultura en 2015 e *A vida salvaxe*),
- A da poesía “lúdico-irreverente”, que bebe de experiencias previas como a dos grupos Rompente e Ronseltz e que estaría representada polas creacións do **dúo Aldaolado** (María Lado e Lucía Aldao, autoras de *performances* músico-poéticas como *Onde estea un cubata que se quite un soneto* e libros como *Ninguén morreu de ler poesía*), por colectivos como **Poetas da Hostia** e por autores como **Leo F. Campos** (*Hai cu*).



Francisco Cortegoso.

Outros poetas da novísima formada, ademais dos xa citados, son Marcos Abalde, Lois Alcayde, Tamara Andrés, Xiana Arias Rego, Carlos Callón, Lucía Durán, Miriam Ferradáns, Noelia Gómez, Xosé Iglesias Lamela, Verónica Martínez Delgado, Alberto Momán, Arancha Nogueira, Lucía Novas Garrido, Celia Parra, Carlos Penela, Baldo Ramos, Mario Regueira, María Reimóndez, Paula Antía Rey, Lara Rozados, Helena Salgueiro, Susana Sánchez Aríns, María N. Soutelo Vázquez, Afonso Traficante, Afra Torrado, Olalla Tuñas, Nuria Vil e María Vilas.

## NOVÍSIMOS

### DARÍO XOHÁN CABANA

Se cando a morte pálida me apañe  
deixo no mundo un pouco de memoria,  
eu quero que o teu nome me acompañe,  
se che pode servir dalgunha gloria;

E se labro estes versos co teu lembro  
contra a cinza, a corrupción e o lodo,  
é que eu non quero crer que aquel setembro  
acabase pra sempre xa con todo.

Ben sei, ben sei, canté que non o soupese,  
que a vida acaba cando o sangue calla,  
pero quizá a memoria nos puidese

librar, se non da morte, da mortalla;  
e se así for, e após da morte eu brillo,  
saiban que eu fun quen son por ser teu fillo.

### VÁZQUEZ PINTOR

Lembro a primeira vez que ollei o mar sen as follas  
de tantas páxinas que había que saber sempre  
nas mañás de outono cando chove ou venta en serio  
e un don el mandábanos saír de viaxe triste

para navegar os centímetros de palabras  
no mapamundi, a bordo da variña de bido:  
escarregat categat e sun gran bel pequeno  
bel e ao norde oghost e mar de kara, de barents...

E o Mar do Orzán pelexaba en xogo cos tranvías  
de Rubine: chaf, rompendo as bocas dos rapaces  
da aldea para os retratos da época sen guerra  
que era toda azul e arrecendente a latas, bombos

de sardiñas, leite de muiño, queixo de goma,  
que nos daban abasto despois que o douro nace  
nos picos de urbión na provincia de soria e pasa...  
ata chegar ao atlántico... ¿e non rebenta o mar

con tanta auga? –pensabamos todos en silencio.  
O Mar do Orzán andaba louco, botaba fóra  
e eu gardábame na mau do pai, que estaba forte  
e quente coma a terra no tempo das seituras.

Houbo risas dos rapaces, xurro contra os vidros...  
e o pai díxome: verás en xullo, cando veñan  
as xentes que poden gastar praia, nunca nós.

1. Determina cal é o molde formal en que Vázquez Pintor verteu o contido do poema.
2. Que experiencia poetiza? Que datos nos permiten reconstruír o momento histórico en que se produciu e a extracción social dos seus protagonistas?

3. Localiza no texto un exemplo dos seguintes recursos estilísticos: enumeración, onomatopea, prosopopea, metonimia.

### XOSÉ LOIS GARCÍA

#### Entregade as miñas cinzas ao castiñeiro de podente

Despois que o lume me unifique en cinza,  
partícipe serei da rocha e da seiva  
na torada do meu castiñeiro;  
e atoparei na terra a miña patria soñada,  
a moradía que nunca tuven,  
toda a forza das raíces vigorosas.

Cando eu repouse no regazo  
do castiñeiro dos meus antergos,  
cando eu nel repouse,  
ninguén altere o responso do vento nas ponlas;  
sexa a oración do orballo e das follas secas,  
que acolla a miña inútil memoria.

1. O poema declara unha vontade testamentaria. Cal é?
2. Localiza no texto o vocabulario que fai referencia a elementos da natureza. Acáelle ao poema o adxectivo de “panteísta”? Razona a túa resposta.

### MARICA CAMPO

... polvo serán, mas polvo enamorado  
Quevedo

Poisque todo o que arde devén cinsa,  
ardamos máis aínda pese á morte  
e sexa a cinsa cinsa namorada  
e escura primavera dende o fume.

Tal vez a eternidade non exista  
para os que miden a rota da prudencia,  
para os que coutan a dimensión do bico,  
para os que marcan o ritmo do latexo.

Sexa a loucura, o berro, a gargallada.  
Sexa o abraio, sexa o terror da noite.  
Sexa a morte, xa que é precio da vida.  
Sexa a cinsa, xa que é herdo do lume.

1. Que tipo de poema é este? Cal é o seu esquema estrófico? Que clase de rima presenta?
2. Resume a mensaxe proclamada pola autora.
3. Que recursos de repetición emprega Marica Campo na construción do seu texto?

### XOSÉ M.<sup>o</sup> ÁLVAREZ CÁCCAMO

1936

Despois de matar aos pais argumentando apoio á rebelión  
obrigaron aos fillos a recoller o lixo das ruas.  
Visitaban todas as noites ás viúvas e orfos na súa propia casa,  
pedían café, prometían un futuro luminoso  
xustificando cadáveres. Viñan a averiguar  
a dimensión do ódio, algunha pista  
sobre fuxidos, pero mais que nada  
a demostrar o seu poder sobre vivos e mortos e memoria de mortos,  
sobre a terra e o mar, sobre un pasado que non tiña volta  
e os días do porvir que serían propiedade perpétua  
do terror nacido en alba por razón de lume de coitelo.

Tamén foron condenados os fillos a desterro e loucura infinita,  
a unha mina de flor seca nas galerías do sangue,  
a un silencio tan longo que aínda segue vixente.

Alguns inverteron a pel e a anatomía da memoria  
para saír ao balcón e deitar flores  
cando entraba o Xeneral asasino dacabalo nas prazas ocupadas  
que eran todas.  
Mesmo cando morreu aquela besta  
despois de cuarenta anos sentado sobre un farrapo de cráneos rotos  
formaron parte da estadea miserábel  
dos que foron despedir o corpo infecto.

Pero outros recibimos o herdo da memoria fiel e unha ira fervente  
cando evocamos o amañecer fronte ás paredes escritas de chumbo  
e os fillos obrigados a basoirar o lixo das ruas  
e a familia invitando a café ao delator mais cruel,  
o que seguiu levando os fios da morte e os negocios podres.  
Cando evocamos  
tantas vidas transparentes interrompidas pola sinatura do xuíz traidor  
e pola vontade cobarde das brigadas da alba, cando miramos  
cómo os herdeiros do terror e os cómplices daquel terror  
e os que nunca quixeron saber nada, en beneficio propio,  
están aquí entre nós, impunes, gobernando o catálogo da historia  
e o público negocio do presente.

1. O poeta alude aos feitos da represión fascista no 36. Localiza esas referencias e elabora un listado de medidas que se aplicaron contra os demócratas.
2. Que reaccións se produciron entre as vítimas? E cal é o sentimento dominante na voz poética a este respecto?
3. Que efecto consegue o poeta co uso do verso de longo alento?

## MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO

*Sobe o mar nos músculos fresquísimos da noite.*

*Ven ese aroma azul obscuro como o alento dos peixes nun outono salgado nas esquinas do ar.*

*As ruas teñen un sabor de névoa imperceptíbel e paira nos sentidos unha lonxanía esvaída de corpos prateados, un sonido profundo de maré silenciosa, un latexo fluente e confuso de tempo que regresa.*

*Sobe o mar na cidade nocturna como un soño de luzes amarelas e mortas.*

*Ven o denso volume da lembranza e a negrura das águas sen estrelas.*

*Ven este espazo obscuro onde todo comeza.*

1. O sensualismo e o cromatismo son trazos que caracterizan boa parte da poesía da xeración dos 80. Están presentes neste texto? A través de que recursos ou elementos?

## XAVIER R. BAIXERAS

### *Beira norte*

*De ti escollín a mudanza do mar,  
os pasos silandeiros a ningures,  
a voz emancipada da nenez,  
a túa fronte desolada.*

*Antes de pór o casco da cidade,  
de entrar nas casamatas, de perderme  
por mordidos recantos, eu ameí  
a túa fronte desolada.*

*E vaguei moitos anos entre muros  
por medo a tantas ondas que te apertan  
e nas que, sen querelo, ti prolongas  
a túa fronte desolada.*

*Pero agora que advirto algún clarisco  
de piedade nos ollos dos ausentes,  
pois a vida me dura e non me borra  
a túa fronte desolada*

*sexa dela esta mao, a fantasía  
que escondes nos teus pregos luminosos,  
a ledicia das aves cando cruzan  
insomnes, nun rumor.*

1. Que trazos da poesía da xeración dos 80 detectas neste poema?

## RAMIRO FONTE

### *Unha fotografía*

*Desfolla o calendario un ano dos sesenta,  
Cando sucede a escena sinxela, familiar:  
A mesa recollida, ó acabar de xantar  
E o branco do mantel que espella unha luz lenta.*

*Estamos todos xuntos, dispostos a falar  
Das cousas que se perden: a morte violenta  
Na estrada dun rapaz a irmá maior comenta.  
Na tregua silenciosa case se escoita o mar.*

*Ese denso silencio anticipa a sorpresa:  
Dun volume de coiro que aparece na mesa.  
O pai le a Rosalía como dando a lección.*

*A pena do emigrante que chora na canción,  
Escoito engaiolado, coa miña ollada acesa  
Sen saber que o que atopo é a miña vocación.*

1. Poderíase clasificar este texto como “metapoético”? Por que?
2. Que elementos destacan na evocación que contén o poema?

## PILAR PALLARÉS

*Nunca tiven amigos, só tiven  
seis fantasmas cadrelados nos camiños,  
un feixe de sombras fuxidías.  
Non existe a amizade. Nós xogamos  
a facer vagalumes con papeis,  
a inventar o arrecendo das pegadas.  
Só temos soidade, só baleiro  
e ímolos enchendo con palabras,  
aloumiños sen senso, trens no vento.  
Sempre imos soñando os imposíbeis:  
un amigo,  
o amor,  
a liberdade,  
unha vella sorrindo nos solpores  
con flores amarelas nos seus labres.  
Xogamos a inventar a realidade  
e está xa feita. Teño frío  
de min, teño agonias  
e mortes a diário sen sorpresas.  
Só pido que alguén quente as miñas mans.*

## CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

### Amor sen morte

Lingua lambe emboca esvara lábil  
lenta lingua na lama en que xacente  
esperta esvara serpe humidamente  
e ardendo de vidrados cingue hábil.

Beizos consagrados nervo a nervo  
detrás diante ao cabo fronte a fronte  
rebezos como pubes refulxente  
detidos no tempo verbo a verbo.

Pel con pel nácara na carne  
almíscares xeados polo abrete  
espasman e ampean na materia que arde.

E a vida prolóngase serena e indefinidamente.

1. Neste texto abundan as sinestésias: localiza algún exemplo.

## MANUEL RIVAS

### Read Rose, Proud Rose, Sad Rose

Coñecín algúns homes que levaron a bandeira  
[vermella cando era pecado e fermosa  
como baga de acevro.

Eu mesmo tiveron unha nas mans,  
unha bandeira vermella,  
cando era pecado e fermosa  
como o bico dunha cegoña.

Oín dicir que hai homes en Calcuta e Soweto  
que aínda levan bandeiras vermellas,  
fermosas como camelias nos dentes.

Pero eu hoxe non quería falarvos  
da orgullosa, vermella e triste bandeira  
que quentou as mans dos que estaban debaixo,  
pecado e fermosa como lapa de carbón.

Só quería falar  
da baga de acevro,  
do bico da cegoña,  
da camelia entre os dentes,  
da lapa de carbón,  
e da orgullosa, vermella e triste rosa de Yeats.

1. Investiga as referencias xeográficas, literarias e simbólicas presentes no poema.
2. O poema permite facer unha lectura ou interpretación metaliteraria que conecta coa estética predominante na Xeración dos 80. Cal sería esa lectura?

## LOIS PEREIRO

### A través do colchón

Virá calada, oculta e con nocturnidade,  
chegando desde abaixo a través do colchón,  
entre as derivacións intuídas e temidas  
dunha vírica rebelión interna:  
a herdanza que conservo e atesouro  
como se fose a miña propia sombra.

### Poderían escoller como epitafio

Cuspídeme enriba cando pasedes  
por diante do lugar no que eu repouse  
enviándome unha húmida mensaxe  
de vida e de furia necesaria.

## MANUEL FORCADELA

### Mal poden os poetas finxirse posuidores

Mal poden os poetas finxirse posuidores  
Dun canto que, ademais de inútil, é alleo  
Se todo é resonancia, retumbo, imitación,  
E nada lles pertence. Todo foi escrito.

Así que na fatiga de ter que percorrer  
Con outras carruaxes a mesma vella senda  
Son poucos os que encontran un novo manancial,  
A fonte da que brota escura luz de espello.

Por iso non choremos. O tempo escollerá  
As páxinas de gloria, as follas de ignominia  
Que sexan merecentes da incerta redención,  
De entrar no santuario das almas que nos lean.

Se aínda no porvir o oficio de cantar  
Consegue ser cinxido coa estúpida coroa  
Que agora mal conserva, felices sexan eles.  
Que brinden se están vivos. A morte non espera.



## POETAS DOS 90

### YOLANDA CASTAÑO

Cando deixo de ser flor,  
molesto.

Pero o duro era ser, o  
infatigablemente aciago.

Que eu contraese algunha seria doenza  
favorecería grandemente á miña proxección literaria.  
Como non teña traballo, marcho para Las Vegas.  
Nos Estados Unidos son máis guapa que en ningún sitio.

Pero teño sido agre e pretenciosa,  
teño sorrído por interese propia,  
a axetreada capitalista sexy;  
compensei polos meus días de impotencia.  
Ser  
é o difícil.  
Cando falei só contemplaron os meus labios.

Se me tomo un descanso iso  
fame irresponsable?  
se son vulnerable  
serei pisoteada?  
se me fosen peor as cousas  
quereríadesme máis?

Unha profusa navalla é o proxecto da identidade,  
un reiseñor mecánico a tarde.  
Tanto souvenir acabará con Notre Dame  
Onde estabas cando te necesitei?

1. Que reflexións sobre a imaxe da muller escritora encerra este poema?

### OLGA NOVO

Ceguei a ti  
con media adolescencia de retraso  
correndo coma louca polas rúas  
de remotas cidades provincianas,  
tratante de palabras  
coma de gando.

andabas a furgar nas ruínas  
de enormes casais das utopías  
e sen ninguén que te advertise,  
coma un neno, levábaste os dedos á boca.

si,  
a delincuencia era roubar  
para paga-la última letra  
dun vello amor a prazos.

pero eu nacín antes de tempo  
para chegar puntual  
para sacarche  
dos ollos  
o polen  
a paladas.

### LUPE GÓMEZ

#### Autobiografía

Non sei o que digo.  
Nunca o saberei.  
Abrín o cuarto prohibido  
e agora estou dentro.

#### O amor

O amor foi  
un trallazo moi forte  
que rompeu a  
ventá. E quedou rota  
para sempre. Eu limpei  
do chan  
os cristais. Corteime  
con eles  
en tódolos dedos.

#### Galiza

Galiza non son  
imaxes. Son  
restos.

1. A autora depurou e condensou a expresión ao máximo, e no entanto os poemas están cheos de significados. Apunta algún deles, en cada caso.
2. A que cres que se refire coa expresión “cuarto prohibido”, no primeiro poema? E que significado atribúes ao verbo “cortar” no segundo?
3. Repara nos tempos verbais do primeiro texto. Que conclusión podes tirar?
4. O poema “Galiza” convida ao lector, en certo sentido, a reflexionar sobre o contraste entre a realidade e a visión que se ten desa realidade. Para o caso concreto de Galiza, en que se traduce ese contraste? Compartes a visión da poeta?

## CARLOS NEGRO

### Thunder Road

Deixa  
 que os motores  
 ruxan salvaxes  
 imos xuntos  
 queimar  
 a madrugada  
 esnifar  
 unhas cantas raias  
 da estrada  
 a tope  
 cos malotes de sempre  
 a arrasar  
 nena  
 a arrasar  
 que o día de maña  
 din que nunca existiu  
 e ti tes uns ollos azuis  
 e flipantes  
 e eu un burato de medo  
 no medio da chapa do peito  
 que se cadra ti  
 esta noite  
 es quen de encher  
 agora  
 corpo a corpo  
 antes de que oxiden  
 as horas e a vida  
 sexa  
 fume de tubo de escape  
 unha derrapaxe  
 en falso  
 na seguinte curva.

### It Girl

Pasa axiña, aínda estou en pixama.  
 Aquí dentro son a última tendencia,  
 a moza que se transforma en poema.  
 Como unha auténtica maleducada  
 fago cachizas as fotos da infancia,  
 pinto as unllas e as paredes de negro,  
 deixo pelusas nas mangas dos xerseis,  
 escollo adrede o vestido máis feo,  
 protexo a parte branda das entrañas  
 cun estilo que me volve invisible.  
 Habito un cuadrilátero de dúbidas,  
 a anos luz do brillo das portadas,  
 cunha pouta de pánico no peito,  
 un piercing por única bandeira  
 e o cerebro como arma de combate.

1. Intenta caracterizar o eu poético de cada unha destas dúas composicións de Carlos Negro: quen é?, como é?, como pensa?
2. Repara no vocabulario que se emprega en ambos textos. A que campos lexicais pertence?
3. Que funcionalidade ten, ao teu ver, o emprego do inglés nos títulos?

## FRAN ALONSO

*Durmirá, meu fillo, tirado en calquera portal.  
 Era pequecho e lambón.  
 Cagou por el ata os seis anos.  
 E nunca quixo ir á escola senón  
 xogar a perderse entre o vento nos areais de Rodeira  
 á procura de botellas de lixivia e latas baleiras  
 coas que me enchía o fregadeiro.  
 Tiña os ollos grandes da nai  
 e, na alma, a inqueda negra do pai.  
 E diante dos libros afogaba coma un tomate colorado  
 que abre e comeza a ceibar o zume.  
 Durmirá en calquera portal,  
 meu fillo.  
 Coa ollada estragada nun punto da infancia  
 e a negrura hipodérmica da alma  
 inxectada nas veas.*

1. A quen corresponde a voz poética que escoitamos?
2. Que tema aborda o poema? Repara no insólito do mesmo como asunto poético.
3. Con economía de medios e poucos versos, Fran Alonso deseña perfectamente dous personaxes: Como son? Que lles acontece? Albíscase algún futuro mellor para eles?

## RAFA VILAR

eu son de aquí

desta raíz de nogueira  
que fende  
o mar

desta carriza  
orientada ao inverno

desta mera

eu son de aquí

sombra dos días  
que andei  
tan  
só

de aquí

lento veneno  
na gorxa  
e mortal

os meus restos  
son esta casa  
de espellos  
mudos  
que me crean

## OLALLA COCIÑA

### Escavación

Se durmo reconstrúense os tecidos  
e pasa a semana

bórrase a vida máis do que parece.

Eu son borborotos  
esporas de simple calor  
sen contido, sen alfabeto

pero os luns volvo a perdelo todo  
e achégome a aquela antiga escavación  
onde atopamos algo diferente  
ao que se buscaba.

Pésame aquel desleixo  
que estragaba os traballos  
e non dou lavado o trapo pobre  
que puxemos  
para cubrir unha touca sagrada, incorrupta

nin a terra moura  
apegadiña á última carne das unllas.

## BERTA DÁVILA

### A froita

A froita que decide conservar e a que desbota cada quen  
cando pela a froita,  
sobre todo cando o fai con garfo e coitelo  
elegantemente,  
non debería estar á vista  
dos outros comensais.

Debería ser tan privado  
o que se escolle e o que se rexeita.  
Debería ser privado  
o acto de determinar o límite  
sobre as cousas que se levan á boca.

E ás veces hai alguén que pregunta  
– como non comes iso –  
alguén que xulga as cousas  
– iso non ten ningún mal –  
que decido levarme á boca.

Tamén na boca gardo os poemas  
e xúlgoos  
en privado.

Xulgo o que debería dicir  
e o que debería tragar,  
establezo os límites entre as partes sas  
e as partes enfermas do poema,  
entre as partes doces do poema  
e as amargas,  
entre as partes maduras do poema  
e as outras partes do poema  
secas  
e duras.

Ese xogo de extremos.

**ISMAEL RAMOS***Setembro, madrugada*

As casas de verán son infancia baleiras. Isto contoumo Pepe.  
 A moza de Iván durmía dentro un sono lixeiro.  
 Esa noite, na terraza fronte ao monte Louro, na boca do océano, os amigos falamos dos deuses e da tecnoloxía.  
 Todo aquilo que escapa de nós e inventamos.  
 Eu lembrei aquela tarde na praia do Pindo, aqueles rapaces morenos e louros de dentes infinitos.  
 Lembreime cos zapatos cheos de area e o centro dos ollos máis verde ca nunca.  
 Quería explicaros o paso do tempo. Esa alucinación.  
 Alguén falou entón do aburrido que sería todo a partir de agora.  
 Rematar a universidade. Regresar.  
 Comprendemos a palabra éxodo, o seu inicio infinito.  
 Comprendemos tamén que avanzar é seguir cavando ata quedar sen unllas.  
 Os deuses inventaron a medida, pero nós inventamos os deuses.  
 Quedamos sós.  
 Agora que comeza setembro, refuxiámonos en vilas pequenas con colexios católicos.  
 O relevo da cruz sobre o ceo en Aldán ou na Pena do Ouro, podería ser Irlanda.  
 Alguén dixo: aquí o alcoholismo nin sequera é unha opción.  
 E mentres o dicía, estábamos bebendo na terraza dun piso baleiro.  
 As nosas voces abríndose á noite. Silencio.  
 Ningún neno.

**GONZALO HERMO**

ESTOU AQUÍ. En fronte atópase o resto do mundo.

O vento do norte sutura o teu verbo a esta casa.  
 Instala o noso medo na raíz.  
 Ponlle nome a aquilo que cremos amar por moito tempo.

Pensa no instante en que soubemos que este muro caerá.

Abre a porta, deixa pasar os cans: que coman da mesa.

Para que cheire a terra a antroido ou barricada dunha vez.  
 Para que cheire a algo que se desfai e se compón constantemente.

Non deteñas a ollada na beleza do incendio.

Abre unha fisura.

Rompe o círculo.

Escapa.